



**ORGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**

**Nº DE SESIÓN: 13/2017**

**CARÁCTER: Extraordinario**

**ANUNCIO**

Con data 5 de decembro de 2017, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO.**

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter extraordinaria.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Legislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais.

Dada a necesidade de tratar canto antes os aspectos de organización recollidos na Orde do día, así como pór en coñecemento do Pleno a comunciación con Rexistro de Entrada de data 07/11/2017 nº 10295, sobre expulsión da concelleira María Jesús Da Silva Fernández do partido APTUI e documentación obrante no expediente 2649/17, así como informe emitido pola Secretaria solicitado polo pleno en sesión de data 30/11/2017, esta alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar a Sesión Extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o **día 12 de decembro ás 12:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**A) Parte resolutiva:**

1º.- Expediente 2649/17 sobre comunicación con data de Rexistro de Entrada 07/11/2017 nº 10295 sobre expulsión da concelleira María Jesús Da Silva Fernández do partido APTUI. Informe da Secretaria de data 05/12/2017 e proposta da Alcaldía de 05/12/2017.

2º.- Dación de conta de escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais sobre membros das comisións informativas permanentes e proposta de Alcaldía de data 05/12/2017.

3º.- Proposta de Alcaldía de designación de representantes no Consello de Goberno da Radio-Televisión municipal de Tui.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

**TERCEIRO.-** Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso”.



## **EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

---

O que se emite aos efectos de publicación.

Tui, O Alcalde, Carlos Vázquez Padín.  
Documento asinado dixitalmente á marxe.